

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15024902	CEIP Plurilingüe Wenceslao Fernández Flórez	A Coruña	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	2º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

## 1. Introducción

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no "Decreto 155/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia Introducción do Decreto na área e materia de Música e Danza, a cal, como se pode comprobar organizase arredor de dous eixes respectivamente:

- percepción e análise
- creación e interpretación

Neste centro, dado o contexto do alto número de alumnado procedente doutras rexións e doutros países, e, en moitas ocasións de incorporación tardía, tanto nun eixe coma no outro farase especial fincapé no traballo das diferentes manifestacións artísticas musicais e da danza do mundo como fonte de variedade e riqueza cultural, artística e social, con especial relevancia daquelas procedentes das rexións e/ou países do alumnado inmigrante, de sorte que esta materia exerza de axente solidario e cohesionador social.

Cada unha das Unidades Didácticas (UD) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle o alumnado a importancia de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación musical ou da danza debe ser potenciada. Daremos especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a música e o corpo como outros medios de expresión e comunicación.

Ao mesmo tempo, coa finalización deste 2º nivel remata tamén o 1º ciclo de primaria, algo contemplado nesta PD. Así pois, búscase que o alumnado continúe o afianzamento dos contidos traballados no curso anterior, especialmente no 1º trimestre, por un lado, e que experimente unha progresión destes e comece a adquisición doutros novos, polo outro. Nese senso, un dos obxectivos chave será o traballo e desenvolvemento psicomotriz, con especial fincapé na motricidade fina.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	VOLTA AO COLE!	Realizaremos a avaliación inicial e xogos de presentación e repaso.	10	3	X		
2	SAMAÍN	Coñeceremos cancións e costumes desta época.	10	3	X		
3	MAGOSTO	Celebraremos esta nosa festa no colexio bailando unha muiñeira.	10	4	X		
4	NADAL	Realizaremos un festival no que bailaremos.	10	4	X		
5	PAZ	Prepararemos esta conmemoración.	10	3		X	
6	ENTROIDO	Realizaremos un pasarrúas polo barrio tocando, cantando e bailando.	10	4		X	
7	MULLER	Coñeceremos a mulleres importantes no eido da música e da danza.	10	3		X	
8	LIBRO	Coñeceremos partituras e libros musicais.	10	3			X
9	LETRAS GALEGAS	Celebraremos a nosa festa coñecendo o noso folclore e interpretándoo.	10	4			X
10	MÚSICA FINAL!	Recordaremos as cancións aprendidas e faremos avaliación final.	10	4			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	VOLTA AO COLE!	3

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respectar	TI	100
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresarse a través da música.		
CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, incluíndo as principais profesións vinculadas ás artes escénicas e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describir elementos musicais sinxelos.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Manifestar sentimentos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de grafas non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais.</li> <li>- Linguaxes musicais básicas: progreso no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos máis elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.</li> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expresión e diversi</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	SAMAÍN	3

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, empregando o vocabulario específico básico destas.	Coñecer cancións relacionadas co Samaín.	TI	100
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras musicais sinxelas empregando o corpo.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Amosar curiosidade polas obras musicais.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Ser creativo/a e expresarse a través da música.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> <li>- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.</li> <li>- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde</li> <li>- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	MAGOSTO	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Compoñer ritmos como fórmulas de acompañamento a cancións sobre o Magosto.	PE	25
CA1.4 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Coñecer as manifestacións musicais relativas ao Magosto e coñecer a festa.	TI	75
CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, incluíndo as principais profesións vinculadas ás artes escénicas e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Coñecer e bailar a muiñeira.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal.	Expresarse co corpo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación básicas.</li> <li>- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.</li> <li>- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	NADAL	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.5 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.	Compoñer unha canción de forma colaborativa sobre o Nadal.	PE	25

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Compartir en grupo vivencias musicais.	TI	75
CA3.4 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Coñecer cancións de Nadal.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Gozar en grupo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recursos dixitais básicos para música.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.</li> <li>- Recursos dixitais básicos para as artes escénicas e performativas.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	PAZ	3

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Saber normas básicas.	TI	100
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respectar		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.	Valorar o silencio.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respectar as diversas creacións musicais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	ENTROIDO	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Escoitar de forma activa.	TI	100
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir momentos musicais.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Coñecer o folclore e costumes do Entroido.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participar na preparación do pasarrúas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Vocabulario específico básico de música.

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.</li> <li>- Principais profesións vinculadas ás artes escénicas.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	MULLER	3

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respectar	TI	100
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Respectar a diversidade.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Investigar e coñecer mulleres importantes na música e na danza.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participar		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical.</li> <li>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.</li> <li>- Principais profesións vinculadas ás artes escénicas.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	LIBRO	3

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Copiar partituras de libros e familiarizarse coa linguaxe musical básica.	PE	25
CA1.3 - Desenvolver capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Coñecer partituras sinxelas.	TI	75
CA3.4 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Coñecer patrimonio musical a través de libros e partituras.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar sentimentos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais.</li> <li>- Linguaxes musicais básicas: progreso no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos máis elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.</li> <li>- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde</li> <li>- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
9	LETRAS GALEGAS	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.5 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.	Compoñer ritmos e cancións sinxelas.	PE	40
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, empregando o vocabulario específico básico destas.	Recoñecer patróns ritmicos galegos e coñecer profesións vinculadas á música.	TI	60
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.	Respectar e manter o silencio.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.</li> <li>- Recursos dixitais básicos para as artes escénicas e performativas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
10	MÚSICA FINAL!	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respectar	TI	100
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar sentimentos.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Recordar as cancións traballadas durante o curso escolar.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Gozar en grupo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recursos dixitais básicos para música.</li> <li>- Linguaxes musicais básicas: progreso no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos máis elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

- Automatización nalgunhas cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.
- Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades, especialmente naquelas que conlevan o emprego de aspectos específicos das linguaxes relacionadas coa materia.
- Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A tal fin, esta rutina adicará, alomenos, uns minutos (entre 5 e 10), especialmente ao inicio de cada sesión, a traballar o seguinte, e, de xeito xeral, por esta orde e de pé:

- consciencia e colocación da postura corporal
  - respiración profunda e consciente, traballando cara o final a columna de aire para o canto.
  - notas, longas ao comezo, axudadas con fononimia
  - fórmulas rítmicas de pregunta e resposta (4 pulsos con carácter xeral) co corpófono e/ou coa voz
- Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35. Para a optimización da súa impartición, empregárase como recurso, na páxina web do centro, unha sección específica para esta materia (ou na Aula Virtual do centro). Nesta o alumnado poderá acceder a:
- recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas
  - vídeos de interpretación (voz, instrumentos e/ou danza) para aprendizaxe e/ou repaso
  - ligazóns de interese relacionadas coa materia
  - outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)
Encerado dixital
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor de partituras, gravación, etc.
Altosfalantes
Piano electrónico
Páxina web do centro: sección Aula de Música e Danza/Aula Virtual
Libro de texto e carpeta.
Tarxetas, pósters, musicogramas..
Obxectos sonoros

Neste centro, cóntase con variados e suficientes instrumentos PAI e PAD, o cal permite que todo o alumnado poida tocar á vez sen necesidade de ter que establecer quendas rotatorias.

A aula non é moi espazosa etemos cadeiras con pá por se necesitamos retiralas para o movemento e a danza, aínda que a disposición das cadeiras na aula é en forma de "u".

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado, levarase a cabo unha proba co fin de coñecer o punto de partida real deste curso; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Esta avaliación inicial levarase a cabo na 1ª e/ou 2ª sesión/s, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

- alumnado do centro, do cal a persoa docente desta materia é máis coñecedora ao formar parte do equipo docente o curso anterior
- alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

Dita proba consistirá de:

- unha execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/cancións/fragmentos que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro.
- unha ficha escrita para comprobar o coñecemento, fundamentalmente, de elementos da linguaxe musical de 1º primaria.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>
<b>Proba escrita</b>	0	0	25	25	0	0	0	25	40	0
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	75	75	100	100	100	75	60	100

Unidade didáctica	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	<b>12</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	<b>88</b>

### Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

- 1º trim.: UD1 60% + UD4 40%
- 2º trim.: UD2 60% + UD4 40%
- 3º trim.: UD3 60% + UD4 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 25%
- 2º trim. 35%
- 3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

### Criterios de recuperación:

Establecerase seguimento continuo a través das diferentes probas escritas e da observación sistemática e elaboraranse plans de reforzo de ser necesarios.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o anacúsico, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarlles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X							X
ET.2 - Expresión oral e escrita		X	X					
ET.3 - Comunicación audiovisual				X				
ET.4 - Competencia dixital				X				
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento						X		



	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres							X	
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos					X			
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible						X		
ET.9 - Educación para a saúde								

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión lectora		
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	
ET.3 - Comunicación audiovisual		X
ET.4 - Competencia dixital		
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento		
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres		
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible		
ET.9 - Educación para a saúde	X	

**Observacións:**

Os elementos transversais, aquí numerados, 1-6 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actuación no Magosto	Baile dunha muiñeira na pista do colexio.	X		
Festival de Nadal	Actuación no Salón de Actos	X		
Entroido	Pasarrúas polo barrio		X	
Letras Galegas	Festival no salón de actos			X

### Observacións:

Concertos, obradoiros e saídas que oferte o Concello, o Conservatorio ou asociacións.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Regulación da práctica docente.
Metodoloxía empregada
Emprego dunha metodoloxía axeitada.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Preparación da clase e escolla axeitada dos materiais didácticos
Medidas de atención á diversidade
Utilización de medidas para a atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
Avaliación das aprendizaxese información delas que se lles dá ao alumnado. e ás familias.

### Descrición:

ESTES INDICADORES DE LOGRO VALORARANSE NUNHA ESCALA DO 0 AO 4:

- Inadecuado 0: Escasa ou nula constancia. Non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial.
- Insuficiente 1: Omítese elementos fundamentais do indicador.
- Básico 2: Cumprimento suficiente do indicador.
- Competente 3: Hai prácticas sólidas. Clara evidenciade competencia no indicador.
- Excelente 4: Prácticas excepcionais. Modelo de referencia de boas prácticas.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
  - Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
  - No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
  - Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
  - Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:
  - Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
  - Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

## 9. Outros apartados